

4



Ollos abertos

### Normas de familia

En toda familia existen unhas normas que serven de guía para todos os da casa.



■ Velaquí algunhas normas que se dan na familia:

- |   |   |
|---|---|
| + | + |
| + | + |
| + | + |

▶ ¿Cales che gustaría cambiar?

▶ ¿Que outras che gustaría que houbese?



## Mirada penetrante

### As normas, un ben para todos

As boas normas non existen por capricho, senón porque se consideran un ben para a familia.

¿Que son as boas normas?	¿Como comportarse ante elas?

▶ ¿Ves así as normas da túa casa? ¿Cales che custa máis cumprir? ¿Cales che axudarán máis para a túa formación?



## Oídos atentos

### A Lei de Moisés. Da lei á conciencia

Deus amaba profundamente ao seu Pobo e buscaba o seu maior ben. Por iso lle deu unhas normas para guialo no seu comportamento. É o Decálogo, os Dez Mandamentos da Alianza.

■ 1 ■

Deus entrégalle a Moisés os Dez Mandamentos escritos en dúas táboas de pedra.



Deus pronunciou todas estas palabras:

*“Eu son o Señor, o teu Deus, que te saquei da terra de Exipto, da condición de escravitude.*

*Non pronunciarás en vān o nome do Señor...*

*Pensa no día do sábado, para o faceres día santo. Traballarás seis días na semana, e neles farás a túa tarefa. Pero o día sétimo é sábado, adicaralo ó Señor o teu Deus... Honra a teu pai e a túa nai, para que a túa vida sexa lonaa na terra aue o Señor teu Deus che dá.*

*Non cometerás adulterio.*

*Non darás un testemuño falso contra o teu próximo.*

## ■ 2 ■ Deus pídelle



## ■ 3 ■ Deus promete



*Se obedeces ao Señor..., mandará a bendición para que vos acompañe... en todas as vosas empresas. (Dt 28,1.3)*

## ■ 4 ■ Xesús



► Repasa o anterior e contesta a estas preguntas sinxelas:

- ¿Que lle dá Deus a Moisés? \_\_\_\_\_
- ¿Que lle pide que faga? \_\_\_\_\_
- ¿Que lle promete? \_\_\_\_\_
- ¿Que actitude tivo Xesús ante a lei de Moisés? \_\_\_\_\_
- ¿Que valor lle dou eu aos mandamentos? \_\_\_\_\_

### ■ A voz da conciencia

Deus deixou impresa no noso corazón unha lei: é a voz da conciencia que nos inclina a facer o ben e a evitar o mal.



## Memoria esperta

### O Decálogo: os mandamentos de Deus

A Igrexa invítanos a acoller os Dez Mandamentos e a cumprilos con alegría e xenerosidade

#### ■ ¿Cales son os Dez Mandamentos?

1º

6º

2º

7º

3º

8º

4º

9º

5º

10º

■ ¿Que sentido teñen os mandatos do Decálogo?

■ ¿Que é a conciencia?

■ ¿É necesario formar a conciencia?

■ ¿Que nos ensina Xesús respecto do Decálogo?



## Mans activas

### Esixencias dos Mandamentos

Deus fálanos a través dos Mandamentos escritos e tamén a través da conciencia. Tratamos de obedecelo.

#### ■ A voz dos Mandamentos

Mandamento	Esixencias
1 "Amarás a Deus sobre todas as cousas"	
2 "Non usarás mal o nome de Deus"	
3 "Santificarás as festas"	
4 "Honrarás o teu pai e a túa nai"	
5 "Non matarás"	
6 "Non cometerás actos impuros"	
7 "Non roubarás"	
8 "Non dirás falso testemuño nin mentiras"	
9 "Non consentirás pensamentos nin desexos impuros"	
10 "Non cobizarás os bens alleos"	

▶ ¿A cal dos Mandamentos son contrarias estas accións?

Blasfemia  | Tortura  | Calumnia  | Droga  | Envexa   
 Asasinato  | Roubo  | Violación  | Aborto  | Mentira